



Competencia lectora

Melloro a lectura

- 1** Intenta corrigir o erro que contén cada unha das seguintes afirmacións sen consultar a lectura.
- A acción transcorre en 1159.
 - O protagonista chámase Alberte.
 - O capitán Magalhães viña de dar a volta ao mundo.

Comprendo o texto

- 2** Copia a afirmación verdadeira de cada parella sobre o narrador da lectura e indica de que tipo é.
- O narrador participa na historia.
 - O narrador non participa na historia.
 - O narrador fala en primeira persoa.
 - O narrador fala en terceira persoa.

3 Responde.

- Onde transcorre a historia?
- A que van alí os rapaces cada tarde?
- Que cousa especial aconteceu aquela tarde?

4 Completa con datos da lectura.

O destino de Abel era . Pero el o que quería era .

5 Observa e responde.



- Que momento da historia é?
- Que pasou antes?
- Que vai pasar despois?

6 Explica o final da historia nunha oración.

180

Traballo expresións do texto

- 7** Copia o nome de seis partes dun barco que saen na lectura.
- 8** Explica o significado destas expresións.
- *gañar o pan*
 - *correr de boca en boca*
 - *botar unha ollada*

Explico e interpreto

- 9** Elixe e xustifica a resposta. Cal debía ser o barco do capitán Magalhães?



- 10** USA AS TIC. Busca en Internet información sobre Magalhães e investiga onde pasa a historia da lectura e que ruta seguiu o capitán para dar a volta ao mundo.

- 11** Pensa e responde. Aceptarías ti a proposta de Magalhães? Por que?

Aprendo a facer comentarios

- 12** Escribe un comentario breve sobre *Un día de sorte* seguindo estas indicacións.

PARÁGRAFO 1 ► Presenta o texto (título, autor, tipo de texto e tipo de narrador).

PARÁGRAFO 2 ► Señala o tema e fai o resumo indicando as súas partes.

PARÁGRAFO 3 ► Fala dos personaxes (tipos e papel que desempeñan na historia).

PARÁGRAFO 4 ► Fai a túa valoración da lectura (se che gustou ou non e por que, que destacarías...).

